

Recensións bibliográficas

**LA RIQUEZA Y LA POBREZA DE LAS NACIONES.
POR QUÉ ALGUNAS SON TAN RICAS Y OTRAS SON TAN POBRES**

DAVID S. LANDES
Barcelona: Crítica. 1998, 1999
[604 páxinas]

Recibido: 17 outubro 2000

Aceptado: 24 outubro 2000

Ó longo de 29 capítulos D. Landes analiza a corrente principal do progreso e da modernización do último milenio. O autor de *The Unbound Prometheus* rememora o principio da racionalidade e o espírito fáustico de dominio europeo. A crenza neste precepto non só singulariza a cultura europea senón que a responsabiliza de promover e soste-lo progreso económico a través da continua adaptación racional dos medios para determinados fins.

As condicións climatolóxicas e fitosanitarias que favoreceron o desenvolvemento europeo fronte ás zonas desérticas ou tropicais non a eximiron de múltiples invasións. Estes espolios minguaron a partir do século X. Na Europa medieval producíronse toda unha serie de transformacións productivas e administrativas que transformaron o período nunha época de gran crecemento. Parella á invención (reloxo, imprenta, lentes) cómpre destaca-la difusión de enxeños anteriores ou estranxeiros (roda hidráulica, pólvora).

A partir do século XV o liderato científico das sociedades asiática e árabe declinou, pois o hermetismo e a supeditación ó poder relixioso actuaron como poderosos freos. Pola contra, a senda europea estivo marcada por piares como a defensa da propiedade privada, a loita (e división) polo poder ou a adopción de valores xudeo-cristiáns que subordinaban a natureza ó beneficio do home.

O descubrimento do novo mundo sinala o inicio doutra era de imperios protagonizado por sucesivas forzas europeas ó longo de 300 anos. Landes non contempla o determinismo factual: ¡dende logo que o descubrimento non foi fortuíto! España e portugueses, sociedades que durante moito tempo guerrearan contra o invasor árabe, encamiñaron as súas hostes só coñecedoras da lei do frío aceiro cara á conquista de novas posicións e atrás dunha lenda de ouro que non atoparon.

Os holandeses tiveron a súa etapa de imperio no século XVII. A súa fonte básica da riqueza emanaba do monopolio de especias. O éxito holandés significaba o triunfo dunha sociedade activa, comerciante e traballadora moi diferente dos españois e dos portugueses.

Os ingleses arribaron no Índico, coma os holandeses, a finais do século XVII, pero amosaron un especial interese pola fértil India. Os algodóns indios vendidos pola Compañía Inglesa das Indias Orientais crearían un mercado mundial.

A chegada do século XVIII marcou un novo punto de inflexión na historia. Europa perdería o control directo dos territorios ultramarinos, e os grandes triunfadores da colonización americana quedarían definitivamente relegados. A visión de Landes sobre a era moderna dos imperios reaviva a polémica da tese de Max Weber e pasa pola agulla do factor cultural. Se a superstición católica destruíu a liberdade de expresión e con ela aniquilou o avance, o protestantismo impulsaría coa lectura o escepticismo necesario para crear unha nova ciencia.

Antes de estudia-la seguinte etapa o autor suscita a polémica insistindo, trinta anos despois (*The Unbound Prometheus*, 1969), na vixencia terminolóxica de “revolución industrial”. Pero, ¿por que foi Europa a elixida? A curiosidade era un trazo distintivo da civilización occidental, e con el a autonomía intelectual para satisfacerla, aplicando un método na pescuda de novos coñecementos e aplicacións.

A principios do século XVIII o estado das illas británicas era notoriamente máis avanzado có do continente, e precisamente alí xermolou a revolución industrial. No continente, a demora do proceso industrializador obrigou a artellar novas institucións, primeiramente crediticias, para afrontar-las necesidades dos nacentes sectores fabrís. A actuación estatal máis discutida atinxiu ó comercio exterior: ¿proteccionismo ou librecambismo? A protección factual nas primeiras fases sería abandonada pola necesidade do comercio entre nacións.

No longo prazo, sinala que o principal condicionante do desenvolvemento sería o coñecemento. Na segunda metade do século XIX comezouse a cuestiona-la supremacía tecnolóxica inglesa na maquinaria e produción mecanizada de obxectos. A ascensión de Alemaña no continente estivo apoiada polo poderío de novos sectores e, moi importante, por un sistema educativo que xeraba grandes promocións de técnicos e enxeñeiros.

No século XIX existirá unha segunda vaga de imperialismos dirixida cara a África, zonas de Asia e o Pacífico. Fóra do continente europeo xorde un coloso en potencia. As antigas colonias inglesas do continente americano estaban dotadas dunhas condicións naturais de produción e comunicacións privilexiadas. O sistema fabril norteamericano orientouse a producir pezas intercambiáveis e permitiu así elevadas productividades.

O patrón de desenvolvemento latinoamericano foi dispar ó do norte. A conciencia do sur de América foi serodia e a intencionalidade das novas sociedades só aspiraba a recrear colonatos. Os focos de industrialización mecanizada orientados ás exportacións de produtos primarios ou pouco elaborados —é significativo o caso de Arxentina— non xeraron unha revolución industrial.

A tradicional actitude separatista das sociedades orientais reaccionou de forma dispar fronte á industrialización. China aferrouse tanto ó seu sentimento de illamento que a finais do século XIX a mecanización era freada pola negativa da inxente poboación; a introducción do ferrocarril complicouse pola reticencia ó capital estranxeiro e o comercio exterior era testemuñal. Xapón trocou a súa actitude e só a combinación das importantes iniciativas gobernamentais e mailo compromiso colectivo fixo posible o chamado milagre nipón.

A evolución económica das nacións musulmanas seguiu supeditada ó Islam. A partir do século XII, aínda que o número de adeptos medraba, o estancamento económico e intelectual era palpable. O fracaso de iniciativas individuais, coma a de Exipto nos comezos do XIX, exemplifican o amplo abano de dificultades existentes. Dende unha falta de radicación social e cultural, unha nula protección arancelaria ata unha posible conspiración europea. A desconfianza da tecnoloxía occidental e a carencia de operarios cualificados son as bazas explicativas da prostración de nacións cunha riqueza enerxética extraordinaria.

O século XX está marcado por dúas conflagracións bélicas mundiais. O mundo e a súa evolución posterior a 1945 subordináronse á rivalidade entre os países burgueses e capitalistas, por unha parte, e as sociedades socialistas e comunistas, pola outra.

Trala Segunda Guerra Mundial estendeuse un movemento adverso ós imperios: a liberdade era unha promesa de prosperidade de crecemento. Inevitablemente xunto ó primeiro mundo están os desfavorecidos, os grandes perdedores deste último período caracterizado polo crecemento económico sobre os que sobresa e o bloque comunista-socialista.

Neste ollar calidoscópico que contempla mil anos, a civilización occidental ocupa un papel fundamental. Unha opinión coma esta, lonxe de roza-la trivialidade, pode ser acusada de opresora e de eurocentrista. Landes afirma, coa autoridade dun vello mestre, que a hexemonía europea é un feito histórico. Que a cultura é un factor determinante no desenvolvemento económico, aínda que difícil de apreixar como variable.

Dun mundo de pequenos reinos pasamos a un mundo de nacións-estados, algúns extremadamente ricos e outros moi pobres. Duns centos de millóns pasamos a máis de seis mil millóns de persoas. A guía actual da globalización defende a converxencia nun mundo onde, coma na luz dos tempos, todo avanza, todo muda. Os resultados son contradictorios... o proceso de evolución segue adiante.

SUSANA MARTÍNEZ RODRÍGUEZ / ANDRÉS FERNÁNDEZ MÉNDEZ
Departamento de Economía Aplicada
Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais
Universidade de Santiago de Compostela